

da Lei 35/1988; o consentimento para que as estruturas biolóxicas obtidas no momento da desconxelación poidan ser utilizadas con fins de investigación, dentro dos límites previstos nesta disposición derradeira, sen que en ningún caso se proceda á reanimación; ou proceder á súa desconxelación sen outros fins.

O Goberno, mediante real decreto e no prazo de catro meses, desenvolverá cada unha das opcións anteriores e establecerá o procedemento mediante o cal os centros de reprodución humana asistida que teñan preembrions que fosen crioconservados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, deberán solicitar o consentimento informado ás parellas proxenitoras, ou á muller, se é o caso, co obxecto de determina-lo destino dos seus preembrions de acordo co establecido no parágrafo anterior.

2. No caso dos preembrions a que se refire o punto 1 desta disposición derradeira, que contén co consentimento expreso dos seus proxenitores para que sexan doados con fins reproductivos a outras parellas que o soliciten, manteranse crioconservados durante un prazo de cinco anos máis. No caso de non se produci-la doazón no dito prazo, serán cedidos ó Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa.

Cando se descoñeza a parella proxenitora, ou a muller, se é o caso, dos preembrions crioconservados, ou cando non se recibise o consentimento informado no período dun ano, manteranse crioconservados durante un prazo de catro anos máis co fin de poderen ser doados con fins reproductivos a outras parellas que o soliciten.

No caso de non se produci-la doazón efectiva no dito prazo, serán cedidos ó Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións específicas en que se poderán utilizar as estruturas biolóxicas ás que se fai referencia nos puntos anteriores, que en calquera caso serán tratadas de acordo coa lexislación vixente sobre doazón e utilización de células e tecidos de orixe humana.

4. Corresponderalle ó Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa a aplicación do procedemento de desconxelación dos preembrions as estruturas biolóxicas dos cales vaian ser utilizadas no ámbito da investigación biomédica e a medicina rexenerativa, baixo unhas normas estrictas de control. En todo caso, estas estruturas biolóxicas deberán servir para obxectivos de investigación de particular importancia, tales como o progreso da investigación fundamental ou a mellora dos coñecementos médicos para a posta ó día de novos métodos diagnósticos, preventivos ou terapéuticos aplicables no home.

5. No prazo de dous meses, a partir da entrada en vigor desta lei, tódolos centros, servizos e unidades autorizados de reprodución humana asistida comunicarán ás administracións sanitarias autonómicas o número de preembrions humanos que manteñan actualmente crioconservados procedentes de ciclos iniciados antes da entrada en vigor desta lei, así como a información dispoñible sobre o seu estado e as condicións en que foron crioconservados e as comunidades autónomas trasladarán esta información ó Ministerio de Sanidade e Consumo dentro do dito prazo.

Os centros de reprodución humana asistida que teñan preembrions crioconservados con antelación á entrada en vigor desta lei, colaborarán co Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa na aplicación do procedemento descrito nos anteriores puntos. No momento e na forma que se determine, os centros deberán pór á disposición do Centro Nacional os preembrions as estruturas biolóxicas dos cales vaian ser utilizadas con fins de investigación. Xunto cos preembrions, os centros deberán facilitar tódolos datos biolóxicos necesarios para determina-la trazabilidade e a tipaxe das células que se obteñan, de tal forma que non sexa desvelada a identidade dos seus proxenitores.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei apróbase ó abeiro do artigo 149.1.15.^a e 16.^a da Constitución española, que atribúen ó Estado a competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica e en materia de bases da sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21342 *REAL DECRETO LEI 6/2003, do 21 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos producidos polos incendios que afectaron a Comunidade Autónoma de Extremadura durante o mes de agosto de 2003. («BOE» 280, do 22-11-2003.)*

Entre os días 1 e 19 de agosto, e tras confluír unha serie de circunstancias adversas de distinta natureza, producíronse na Comunidade Autónoma de Extremadura uns incendios forestais de excepcional envergadura que, ó non poder ser controlados, adquiriron grandes dimensións, coa conseguinte secuela de danos, fundamentalmente sobre masas forestais e explotacións agrícolas e gandeiras, e de risco para a vida das persoas, que obrigaron á evacuación de numerosas poboacións. Así mesmo, víronse afectadas diversas infraestruturas municipais, camiños rurais, redes secundarias de rega e diferentes tramos de ríos e regatos correspondentes ó dominio público hidráulico.

En efecto, por un lado, as circunstancias climatolóxicas adversas ocorridas durante o ano 2003 (un inverno particularmente chuvioso, unha primavera seca e un verán con temperaturas non padecidas en todo o século pasado) e, por outro lado, a extensión á Comunidade Autónoma de Extremadura de incendios con orixe noutras países (Portugal) e noutras comunidades autónomas de España, trouxeron como consecuencia un incremento desmesurado no número e na intensidade dos incendios que se adoitan padecer cada temporada estival, transformando unha situación de alarma nunha auténtica catástrofe.

A magnitude deste suceso e as súas graves consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras tendentes

ó restablecemento gradual da normalidade coa reparación dos danos producidos.

O obxectivo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan a varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, tales como axudas directas, diminución de cargas tributarias ou concesión de créditos privilexiados, tendentes a paliar-lo impacto do sinistro sobre as empresas e particulares afectados.

Tamén se establecen precisións para lograr que a aplicación e o financiamento de determinadas medidas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións e cooperación entre os órganos da Administración xeral do Estado, da comunidade autónoma e da Administración local.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polos incendios sobre masas forestais e cultivos configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

É por iso polo que se establecen nesta disposición indemnizacións de danos nas producións agrarias afectadas, exclusivamente cando estean aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado e estes riscos non teñan cobertura na regulación vixente do dito seguro.

Ademais, dadas as singulares circunstancias concurrentes neste caso e como complemento do anterior, a Administración xeral do Estado promoverá a subscripción dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun plan de dinamización turística nas comarcas das Hurdes, Sierra de Gata e Campiña de Valencia de Alcántara, co obxecto de paliar-los efectos dos incendios de agosto de 2003 no sector turístico, nas ditas comarcas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro da Presidencia e dos ministros do Interior, de Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polos incendios que afectaron a Comunidade Autónoma de Extremadura durante o mes de agosto de 2003.

Os termos municipais e núcleos de poboación ós que sexan de aplicación as medidas aludidas serán determinados por orde do ministro do Interior.

2. Para os efectos das ditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos cales, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

Artigo 2. *Danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais.*

Os proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación ós que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servizos establecidos no artigo

26.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e á rede viaria das deputacións provinciais, aplicaráselle-lo trámite de urxencia e o Estado poderá concederlles unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

Artigo 3. *Danos nas restantes infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia, para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e as entidades públicas dependentes deles, poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que serán executadas por tales departamentos para reparar-los danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

Serán obxecto de indemnización os danos ocasionados polos incendios nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de Seguros Agrarios para o exercicio 2003, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir-las anteriores indemnizacións, sempre e cando o agricultor contratase o dito seguro respecto das mesmas producións no exercicio anterior.

Tamén poderá percibirse indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente Plan Anual de Seguros Agrarios, agás que as producións afectadas estivesen garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

As ditas indemnizacións irán destinadas ós titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ó 20 ou ó 30 por cento da produción asegurada, segundo se trate ou non de zona desfavorecida, de acordo cos criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Poderán ser obxecto de indemnización nas condicións establecidas neste artigo os danos producidos en explotacións apícolas.

Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ó exercicio 2003 que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares danados como consecuencia directa dos incendios, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto de actividades económicas para o exercicio 2003, ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais, obrigados ó pagamento do dito imposto, dos que os locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa do sinistro mencionado, sempre que se acredite que tiveran que ser obxecto de realoxamento ou se producisen

danos que obriguen ó cerramento temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio desta que producirá os seus efectos desde o día 31 de decembro de 2002.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán tamén a das recargas legalmente autorizadas sobre aqueles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal, poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos incendios e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados por esa causa.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os puntos anteriores deste artigo produzan nos concellos e nas deputacións provinciais, será compensada con cargo ós orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias localizadas nas zonas que determine a orde que se dicte en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde FAC/225/2003, do 11 de febreiro, que desenvolve para o ano 2003 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 7. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polos incendios ós que se fai mención no artigo 1, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes nos que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo en virtude de circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legis-

lativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nos feitos que motivan esta norma, non se compute para efectos de consumi-los períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que perciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, correspondentes ós meses de agosto e setembro de 2003.

3. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servicios, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestructuras e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados polos incendios calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos inclúense, en todo caso, entre as infraestructuras, as estradas e, en xeral, calquera que resultase afectada polos incendios producidos durante o mes de agosto.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 9. *Axudas de emerxencia.*

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar los danos causados polos incendios rexeranse polo establecido na Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, parcialmente modificada pola do 30 de xullo de 1996, sobre procedemento de concesión de axudas a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas.

As axudas a familias e unidades de convivencia económica por danos persoais e materiais nas súas vivendas e/ou enxoval de primeira necesidade, serán complementarias respecto ás que, con igual obxecto e por igual causa, poidan conceder ós beneficiarios as administracións autonómica ou locais con cargo ós seus respectivos orzamentos, ou corresponderan en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Artigo 10. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de Axencia Financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 10 millóns de euros que poderá ser ampliado polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na Comunidade Autónoma de Extremadura, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de equipamentos e instalacións industriais, mercantís e explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e turísticas, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia do sinistro que motiva a presente norma, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, coas características seguintes:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno na provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, de se-lo caso, o importe do crédito que puidese subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se establecerán por iniciativa da Comunidade Autónoma de Extremadura.

b) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,25 por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas de 0,50 por cento. En consecuencia o tipo final máximo para o prestameiro será do 1,75 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas nas entidades financeiras mediadoras, que subscribisen convenio co ICO para esta liña de financiamento, as que decidirán sobre a concesión do préstamo, sendo o seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de marzo de 2004.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o Instituto de Crédito Oficial no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta, dous, 2.ª alínea a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,25 por cento, será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

Artigo 11. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propoñe-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, na parte que financia a Administración xeral do Estado, ata un importe de 400.000 euros, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

Artigo 12. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil, e integrada polos representantes dos ministerios da Pre-

sidencia, do Interior, de Economía, de Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Administracións Públicas, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Extremadura e un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei será levado a cabo pola comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma de Extremadura, a través da Delegación do Goberno.

Artigo 13. *Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Extremadura solicitará do Consorcio de Compensación de Seguros as correspondentes valoracións previstas neste real decreto lei, sempre que non afecten a bens de titularidade pública.

2. O Consorcio terá dereito ó aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que este Consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilita-la tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderanse transmitir-las datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

Artigo 14. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar co Goberno da Comunidade Autónoma de Extremadura e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que esixa a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Competencias da Comunidade Autónoma de Extremadura.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á dita comunidade autónoma ó abeiro do establecido no seu estatuto de autonomía.

Disposición adicional segunda. *Límite das axudas.*

O valor das axudas que se concederán en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puideran conceder outras administracións, organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondan en virtude de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos en bens de titularidade estatal financiarase con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, para estes efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polos incendios, con carácter preferente, poderá efectuarse o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ó Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21343 REAL DECRETO 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subproductos de orixe animal non destinados ó consumo humano. («BOE» 280, do 22-11-2003.)

O Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal, incorporou ó noso ordenamento a Directiva 90/667/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1990, pola que se establecen as normas veterinarias relativas á eliminación e transformación de desperdicios animais, á súa posta no mercado e á protección dos axentes patóxenos nos pensos de orixe animal ou a base de peixe, e pola que se modifica a Directiva 90/425/CEE. Posteriormente, o Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles, aplicou a normativa comunitaria vixente ó respecto.

Trala aprobación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano, quedaron derrogadas a citada Directiva 90/667/CEE e as Decisións 95/348/CE do Consello, do 22 de xuño de 1995, pola que se aproban as normas veterinarias e de policía sanitaria aplicable no Reino Unido e en Irlanda para o tratamento de determinados tipos de desperdicios destinados a comercializarse a escala local para a alimen-

tación de certas categorías de animais, e 1999/534/CE do Consello, do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen medidas aplicables á transformación de determinados desperdicios animais con vistas á protección contra as encefalopatías esponxiformes transmisibles e pola que se modifica a Decisión 97/735/CE da Comisión, e quedou modificado en profundidade o réxime normativo aplicable ó transporte, tratamento, destrución ou utilización dos ditos subproductos. Isto obriga, sen prexuízo da súa inaplicabilidade, á derogación expresa, íntegra nun caso, e parcial noutro, dos reais decretos antes citados.

Non obstante a eficacia e a aplicabilidade directa do mencionado regulamento, cómpre establecer disposicións específicas, a fin de clarificar a autoridade competente en cada caso, preve-lo intercambio de información entre as distintas administracións e especialmente para facer uso de certas excepcións que o citado regulamento recolle, así como do período transitorio que foi autorizado para España pola Comisión Europea. Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas de aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano.

2. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións e competencias.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) n.º 1774/2002. Así mesmo, entenderase como:

a) Incineración in situ: a que non se realiza en planta de incineración ou co-incineración autorizadas conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 ou o Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.

b) Enterramento in situ: o que non se realiza nun vertedoiro autorizado conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 ou o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

2. A autoridade competente facultada para garantir o cumprimento dos requisitos deste real decreto e do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, en especial no que respecta ó control dos pensos, serán os órganos competentes das comunidades autónomas e das entidades locais, e os órganos competentes da Administración xeral do Estado no que se refire ós intercambios con terceiros países.